

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA, POLA QUE SE RESOLVE A CONVOCATORIA DE PROVISIÓN TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO MEDIANTE O SISTEMA DE SUBSTITUCIÓN

O 11/03/2026 ofertáronse para a súa provisión temporal mediante o sistema de substitución entre persoal funcionario dos corpos xerais ao servizo da Administración de xustiza, os postos relacionados no Anexo I da dita convocatoria.

Logo da revisión das peticións recibidas nesta Dirección Xeral,

DISPOÑO:

PRIMEIRO.- Aprobar e facer pública no Anexo I da presente resolución a lista definitiva dos destinos adxudicados ao persoal funcionario que participou na convocatoria do 11/03/2026.

SEGUNDO.- A incorporación ao posto de traballo en substitución será na data de efectos indicada no correspondente acordo de substitución.

A renuncia á substitución adxudicada pola presente Resolución, será penalizada coa imposibilidade de obter unha nova substitución durante o período dun ano.

TERCEIRO.- O posto de traballo deberá ser ocupado de xeito efectivo, salvo causa xustificada, pola persoa adxudicataria da substitución, mesmo con interrupción, de ser o caso, do desfrute de vacacións, licenzas ou permisos, que en todo caso terán que ser informados polo órgano de destino e autorizados pola correspondente xefatura territorial de acordo coas necesidades do servizo.

CUARTO.- Os correspondentes acordos de substitución entre titulares serán enviados por correo electrónico ás persoas adxudicatarias, sendo comunicados á súa vez aos superiores funcionais dos órganos de orixe e destino para o seu coñecemento.

QUINTO.- Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso de reposición ante o director xeral de xustiza no prazo dun mes (arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas) ou recurso contencioso-administrativo ante a sección do contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia competente no prazo de dous meses (art.14 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa).



ANEXO I

Órgano xudicial da desocupación:	Servizo Común de Tramitación do TI de Monforte de Lemos		
Código do posto	XG9258000027031602.00 (GA)		
Motivo da desocupación:	Liberación sindical	Corpo:	CXPA
Adxudicatario/a:	Sara Pilar Regueiro Pereira		
Xustificación da adxudicación:	Art. 12.1 d		
Data:	23/03/2026		

Órgano xudicial da desocupación:	Fiscalía Provincial Ourense		
Código do posto	XG9257802032001704.00 (GA)		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	CTPA
Adxudicatario/a:	Filomena Bugallo Justo		
Xustificación da adxudicación:	Art. 12. 2 b		
Data:	23/03/2026		

GA – Gardas

